

2022

# CURSO DE ADESTRADOR DE NIVEL II DE TENIS

BLOQUE ESPECÍFICO NIVEL II  
XUÑO- SETEMBRO 2022

## PRESENTACIÓN

A Federación Galega de Tenis entre outras funcións ten a de desenvolver a formación do Bloque Específico, conducentes á obtención do diploma de adestrador deportivo de Nivel II de tenis.

## MÓDULOS DE CONTIDOS

O curso está deseñado para que a formación pódase facer unha parte online e outra presencial. Coa axuda dun equipo de profesores, acade os coñecementos teórico-prácticos sobre os seguintes módulos de contidos:

- Fundamentos técnico - tácticos (55 h)
- Didáctica da Modalidade (30 h)
- Tenis Adaptado (20 h)
- Desenvolvemento profesional (25 h)
- Adestramento específico (50h)

## MATRÍCULA

Para matricularse no curso o alumnado deberá achegar a seguinte documentación a través da federación galega de tenis con data límite 21 marzo de 2022:

- Solicitud de inscrición cos datos persoais: nome e apelidos, nº DNI, lugar e data de nacemento, enderezo electrónico, teléfono de contacto, domicilio actual (rúa, CP, concello), estudos rematados. (en base ao modelo adxunto)
- Completar o formulario de inscrición da FGTenis.
- Fotocopia do DNI.
- Diploma orixinal do curso de nivel I oficial (dixenciado pola administración competente) da mesma modalidade ou especialidade deportiva.
- Orixinal da superación da proba de carácter específico (ou acreditar méritos deportivos ou estar recoñecido/a coma deportista de alto nivel ou alto rendemento).
- Pago do Bloque Específico: (1100€)
  - Envío do **Xustificante de pago do Bloque Específico a Federación Galega de Tenis**. O ingreso farase mediante transferencia o número de conta **ES83 2080 5527 05 3040000936. Concepto: Nome e Apelidos + TN2.**
  - Opcións de pago:
    - **Pago único 1200€ antes do 2/04/2022.**
    - **Pago Fraccionado**
      - **Primeiro pago 275€ antes do 2/04/2022.**
      - **Segundo pago 275€ antes do 1/06/2022.**
      - **Terceiro pago 275€ antes do 1/09/2022.**
      - **Derradeiro pago 275€ antes do 1/10/2022.**

## METODOLOXÍA

A metodoloxía de ensinanza será en liña, e presencial para as seguintes áreas:

- Área de Fundamentos técnico – tácticos.
- Área de Didáctica.
- Área de Tenis Adaptado.
- Área de Adestramento específico.

A metodoloxía de ensinanza será en liña para as seguintes áreas:

- Área de desenvolvemento profesional.

O alumnado será convocado mediante un acceso as clases online, e terá a disposición os contidos do curso nun aula virtual.

Faranse grupos de entre 20 e 30 alumnos/as para o desenvolvemento da docencia tanto teórica como práctica.

### SESIÓNS FORMATIVAS EN LIÑA

O alumno terá que seguir os contidos que se impartan en liña, e terá que realizar os traballos teórico – prácticos.

Os profesores estarán a disposición do alumnado para atender as súas dúbidas e consultas.

### SESIÓNS PRÁCTICAS PRESENCIAIS

As sesións prácticas desenvolveranse nunha sede ou en varias sedes a determinar en función dos alumnos inscritos.

Cada alumno/a deberá asistir obrigatoriamente as clases presenciais.

| Bloque Específico                                |                                                                                                                                 |          |          |            |          |          |          |
|--------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|------------|----------|----------|----------|
| Módulos                                          | Semana 1                                                                                                                        | Semana 2 | Semana 3 | Semana 4   | Semana 5 | Semana 6 | Semana 7 |
|                                                  | 5-11/09                                                                                                                         | 12-18/09 | 19-25/09 | 26/09-2/10 | 3-09/10  | 10-16/10 | 17-23/10 |
| Fundamentos técnico – tácticos                   | 55 horas, repartidas en presenciais, en liña, traballo teórico – práctico. O Contido presencial será a partir do 5 de setembro. |          |          |            |          |          |          |
| Didáctica do Tenis para xogadores de competición | 30 horas repartidas en presenciais, en liña, traballo teórico – práctico. O Contido presencial será a partir do 5 de setembro.  |          |          |            |          |          |          |
| Tenis Adaptado                                   | 20 horas repartidas en presenciais, en liña, traballo teórico – práctico. O Contido presencial será a partir do 5 de setembro.  |          |          |            |          |          |          |
| Adestramento específico                          | 50 horas repartidas en presenciais, en liña, traballo teórico – práctico. O Contido presencial será a partir do 5 de setembro.  |          |          |            |          |          |          |
| Desenvolvemento Profesional                      | 25 horas online + traballo teórico- práctico.                                                                                   |          |          |            |          |          |          |

## EXAME

Para superar o bloque específico haberá que superar os seguintes exames:

- Fundamentos técnico – tácticos.
  - Exame escrito Fundamentos técnico – tácticos.
  - Traballo teórico – práctico fundamentos técnicos.
- Didáctica da modalidade:
  - Exame escrito Didáctica da modalidade.
  - Exame práctico Didáctica da modalidade.
- Tenis Adaptado.
  - Exame escrito.
  - Traballo teórico – práctico Tenis Adaptado.
- Desenvolvemento profesional.
  - Exame escrito
  - Traballo teórico – práctico
- Adestramento específico
  - Exame escrito
  - Exame práctico
  - Traballo teórico – práctico.
- **Convocatoria ordinaria:** 19 de novembro de 2022.(hora por determinar)
- **Convocatoria extraordinaria:** sábado 17 de decembro de 2022 (hora por determinar).

## OUTRA INFORMACIÓN

### Normativa de referencia:

- REAL DECRETO 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanza deportiva de réxime especial.
- Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.
- ORDE do 18 de xullo de 2017 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro público Escola Galega do Deporte, de Pontevedra, para impartir o bloque común das actividades de formación deportiva.
- ORDE do 21 de febreiro de 2018 pola que se autoriza o bloque común das actividades de formación deportiva, na modalidade a distancia, no centro público Escola Galega do Deporte, de Pontevedra.